

PROGRAMA DE EDUCACION FAMILIAR

O obxectivo co que se puxo en marcha o **Programa de Educación Familiar do Concello de Ribadeo** é o de acadar unha intervención social individualizada e de carácter integral nos núcleos familiares que se atopen en situacións de dificultade social ou risco.

Esta intervención contempla actuacións tanto asistenciais como socioeducativas, sendo a finalidade destas últimas a de capacitar aos adultos para desempeñar roles parentais que lle permitan desenvolverse axeitadamente no autocoidado, na educación dos/as fillos/as e na atención, organización e mantemento do fogar.

O traballo con familias é vital para todos os profesionais que se dedican a temas sociais. A familia é onde se realiza o primeiro e mais importante proceso de socialización e onde, en condicións axeitadas, se xeran os mecanismos para a resolución dos propios problemas. Así, mediante o apoio e a educación familiar no propio medio pódense evitar e previr situacións de risco que poderían conducir ao deterioro da familia.